

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2019/8	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	15 de xullo de 2019
Duración	Desde as 21:02 ata as 21:57horas
Lugar	SALON DE SESIONS
Presidida por	FATIMA ABAL ROMA
Secretario	MIGUEL RODRIGUEZ DE VICENTE-TUTOR

ASISTENTES (17):

PSDG-PSOE (4): D^a María Cruz Leiro Peña, D. Samuel Lago Ozón, D. David Meisas Fernández e Sra. Alcaldesa.

SOMOS CAMBADOS (3): D. Xurxo Charlín Trigo, Constantino Cordal Rodríguez e D^a Carolina Aragunde Laya.

B.N.G. (2): D. Víctor Manuel Caamaño Rivas e D^a Mariel Oubiña Vázquez.

P.P. (7): D. Luís Aragunde Aragunde, D^a María Isabel Fole Trigo, D^a Silvia Fernández Pérez, D^a Nerea Pintos Castro, D^a Sonia Agra Piñeiro, D. Juan Ramiro Gómez Blanco e D^a María del Mar Núñez Chaves.

CAMBADOS PODE (1): D. José Ramón Abal Varela

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Aprobación da acta da sesión anterior (15 - xuño - 2019)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día 15 de xuño de 2019.
O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestarlle a súa aprobación.

2.- Proposta de periodicidade das sesións ordinarias do Pleno



Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía, asinada con data 04/07/2019, e que é do seguinte tenor literal: *“PROPOSTA DA ALCALDÍA.- Visto o disposto no artigo 210.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia que establece que o Pleno celebrará sesión ordinaria, como mínimo, cada dous meses.*

Tendo en conta que a Lei 7/1985 do 2 de abril determina que os Concellos dos municipios dunha poboación entre 5001 habitantes e 20000 habitantes celebren, como mínimo, sesións ordinarias do Pleno cada dous meses.

De acordo co disposto no artigo 38 a) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais que determina a necesidade de fixar a periodicidade das sesións do Pleno e polo que se propón a adopción do seguinte, ACORDO:

1.Determinar a periodicidade bimestral, cada dous meses, das sesións ordinarias do Pleno do Concello de Cambados.

2.As devanditas sesións celebraranse os derradeiros xoves de cada mes impar ás 21:00 horas. Se a data prevista fose festiva a sesión celebrárase o primeiro día hábil inmediato anterior á mesma hora.

3.Habilítar á alcaldía, previa consulta cos portavoces dos grupos políticos municipais, á modificación da data prevista para a celebración do Pleno por causas debidamente xustificadas.”

O Sr. Abal Varela (PODE) lembra que na anterior lexislatura a periodicidade dos Plenos era mensual.

Afirma que en Cambados os asuntos a debater son moitos e que en numerosas ocasións tiveron que interromperse Plenos por chegar ás doce da noite sen rematar todos os puntos da orde do día.

Expón que Cambados é unha vila cun grande dinamismo, en todos os seus ámbitos, e que limitar a celebración dos Plenos supón unha medida que vai en contra da transparencia e da democracia.

Sinala que a medida supón un retroceso enorme que persegue calar a boca á oposición alineándose coas teses do PP por iso adianta o seu voto en contra.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) di que, aínda que comprenden a finalidade da proposta na súa vertente administrativa, defende que a tarefa da oposición é a de fiscalizar e controlar ao goberno.

Di constarlles a problemática existente na Secretaría Municipal no relativo a acumulación de tarefas pero atendendo ao criterio político adianta que votarán en contra da proposta pola motivación anterior.

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) di que a finalidade da proposta é de evitar atrancos na tramitación da Secretaría Municipal e de que se poidan axilizar os asuntos pendentes para beneficio dos cidadáns.

A Sra. Alcaldesa (PsdeG-PSOE) defende que a celebración dun Pleno bimestral non pretende agochar a actividade do goberno municipal senón mellorar o funcionamento do Concello tras os atrancos existentes no servizo de Secretaría.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) saúda ao público asistente a sesión e di que o seu grupo sempre defendeu a celebración dos Plenos coa periodicidade de dous meses.

Afirma que non era normal celebrar Plenos que duraban vinte minutos, cobrar por eles, e logo comprobar que os acordos que se adoptaban non se remitían aos organismos competentes (pon por exemplo as adoptadas en relación ao Hospital do



Salnés).

Apunta a que nos atopamos ante un goberno populista que celebraba Plenos de recheo.

Por último apunta a que a previsión de celebrar os Plenos a data anterior dos días festivos non é axeitada ao tratarse de datas de unha grande actividade institucional e cultural.

A Sra. Alcaldesa (PsdeG-PSOE) di que se poderá revisar esta última cuestión caso por caso tal e como prevé o parágrafo terceiro da proposta.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) di non compartir a postura do Partido Popular por seren representantes dunha sociedade democrática e unha organización con sentido común.

Di que a mágoa é non poder reunirse con mais frecuencia para debater dos asuntos de interese para Cambados.

Rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación, acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 14 votos (PP, PsdeG-PSOE e SOMOS)

Votos en conta: 3 (BNG, PODE)

O Pleno da Corporación, por maioría, e consonte coa referida proposta, ACORDA:

- 1.- Determinar a periodicidade bimestral, cada dous meses, das sesións ordinarias do Pleno do Concello de Cambados.
- 2.- As devanditas sesións celebraranse os derradeiros xoves de cada mes impar ás 21:00 horas. Se a data prevista fose festiva a sesión celebrárase o primeiro día hábil inmediato anterior á mesma hora.
- 3.- Habilitar á alcaldía, previa consulta cos portavoces dos grupos políticos municipais, á modificación da data prevista para a celebración do Pleno por causas debidamente xustificadas.

3.- Proposta de creación e composición das Comisións Informativas Permanentes.-

Dáse conta da proposta da Alcaldía, asinada con data 04/07/2019, e que é do seguinte tenor literal: *“PROPOSTA DA ALCALDÍA.- Vistos os artigos 20.1 c) da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases de réxime local e 59.2 d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia que establece que nos Concellos de mais de 5000 habitantes, poden existir órganos que teñan por obxecto o estudio, informe ou consulta dos asuntos que se sometan á decisión do Pleno, sen atribucións resolutorias, así como o seguimento da xestión do Alcalde, Xunta de Goberno Local e Concelleiros que ostenten delegacións, tendo tódolos grupos políticos integrantes da Corporación dereito a participar mediante a presenza de Concelleiros pertencentes aos mesmos.*

Visto o artigo 124 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro que ven determinar que as Comisións informativas permanentes, constitúense con carácter xeral distribuíndo entre elas as materias que se someterán a Pleno e seu número e denominación iniciais decidirse mediante acordo do Pleno da Corporación a proposta do Alcalde procurando, no posible, a súa correspondencia có número e denominación das grandes áreas nas que se estruturan os



servizos corporativos.

Visto que a adscripción concreta a cada Comisión dos membros da Corporación e dos seus respectivos suplentes en representación de cada grupo realizarase mediante escrito do voceiro do mesmo dirixido ao Alcalde e polo que propoño a adopción do seguinte, ACORDO:

1. Crear as Comisións Informativas que se relacionan, que se componen de sete (7) membros (3 do grupo municipal do PP, 1 do grupo municipal do PsdG-PSOE, 1 do grupo municipal de Somos Cambados-Mareas Locais, 1 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e 1 do Grupo Mixto), gardando a proporcionalidade de Concelleiros do Pleno da Corporación:

Comisión Informativa de Servizos Sociais, Terceira Idade, Seguridade Cidadá e Mobilidade.

Comisión Informativa de Obras e Servizos

Comisión Informativa de Economía, Facenda, Industria e Urbanismo

Comisión Informativa de Turismo e Enoturismo

Comisión Informativa de Comercio, Promoción Económica, Infancia e Novas Tecnoloxías

Comisión Informativa de Xuventude

Comisión Informativa de Muller, Igualdade e Réxime Interior

Comisión Informativa de Ensino, Patrimonio, Cultura, Deporte e Normalización Lingüística

Comisión Informativa de Medio Ambiente, Mar e Medio Rural

2. As Comisións celebrarán sesión cando teñan asuntos de competencia plenaria que ditaminar, con carácter previo ás sesións plenarias.

3. Dar traslado do presente acordo aos portavoces a efectos de que designen aos representantes dos seus grupos políticos nas citadas Comisións."

O Sr. Abal Varela (PODE) di, en relación á estrutura presentada, sorprendelle a desaparición da Comisión Informativa de Participación Cidadá; a de Sanidade e a de Traballo.

Apunta a que a proposta segue na liña de impedir a participación da oposición e das sorpresas presentadas polo goberno municipal para esta sesión plenaria.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) adianta a abstención do seu grupo neste punto da orde do día.

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) di que o cambio de denominación das Comisións non impide en que se vaian a tratar todas as iniciativas que se presenten.

A Sra. Alcaldesa (PsdeG-PSOE) defende a organización proposta e engade que algunhas das Comisións que cita o Sr. Abal non foron convocadas en catro anos.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) di que se absterán neste punto da orde do día

Rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación, acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (PsdeG-PSOE e SOMOS)

Abstencións: 9 (PP e BNG)

Votos en contra: 1 (PODE)



O Pleno da Corporación, por maioría, e consonte coa referida proposta, ACORDA:

1. Crear as Comisións Informativas que se relacionan, que se componen de sete (7) membros (3 do grupo municipal do PP, 1 do grupo municipal do PsdG-PSOE, 1 do grupo municipal de Somos Cambados-Mareas Locais, 1 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e 1 do Grupo Mixto), gardando a proporcionalidade de Concelleiros do Pleno da Corporación:

Comisión Informativa de Servizos Sociais, Terceira Idade, Seguridade Cidadá e Mobilidade.

Comisión Informativa de Obras e Servizos

Comisión Informativa de Economía, Facenda, Industria e Urbanismo

Comisión Informativa de Turismo e Enoturismo

Comisión Informativa de Comercio, Promoción Económica, Infancia e Novas Tecnoloxías

Comisión Informativa de Xuventude

Comisión Informativa de Muller, Igualdade e Réxime Interior

Comisión Informativa de Ensino, Patrimonio, Cultura, Deporte e Normalización Lingüística

Comisión Informativa de Medio Ambiente, Mar e Medio Rural

2. As Comisións celebrarán sesión cando teñan asuntos de competencia plenaria que ditaminar, con carácter previo ás sesións plenarias.

3. Dar traslado do presente acordo aos portavoces a efectos de que designen aos representantes dos seus grupos políticos nas citadas Comisións.

4.- Proposta de nomeamento de representantes da Corporación en órganos Colexiados externos.

Dáse conta da proposta da Alcaldía, asinada con data 08/07/2019, e que é do seguinte tenor literal: "*PROPOSTA DA ALCALDÍA.- Visto o disposto no artigo 38 c) do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro que determina a necesariedade de celebrar sesión extraordinarias para dirimir acerca do nomeamento dos representantes da Corporación en órganos Colexiados que sexan de competencia plenaria, ACORDO:*

1. Nomear representantes da Corporación nos órganos Colexiados supramunicipais que se describen:

GDR Salnés

Titular: D^a Fátima Abal Roma.

Suplente: D. Samuel Lago Ozón.

Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar:

Titular: D. Constantino Cordal Rodríguez.



Suplente: D^a Carolina Aragunde Laya.

2. Notificar a presente Resolución aos organismos interesados.”

O Pleno da Corporación, por unanimidade, e consonte coa referida proposta, acorda:

1. Nomear representantes da Corporación nos órganos colexiados supramunicipais que se describen:

GDR Salnés

Titular: D^a Fátima Abal Roma.

Suplente: D. Samuel Lago Ozón.

Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar:

Titular: D. Constantino Cordal Rodríguez.

Suplente: D^a Carolina Aragunde Laya.

2. Notificar a presente Resolución aos organismos interesados.

5.- Proposta de adicacións dos cargos electos.

Dáse conta da proposta da Alcaldía, asinada con data 04/07/2019, e que é do seguinte tenor literal: “*PROPOSTA DA ALCALDÍA.- É vontade desta Alcaldía e do grupo de goberno prestar un decidido servizo á cidadanía, contribuindo activamente a satisfacer as necesidades e aspiracións dos veciños do Concello de Cambados; con tal motivo, e coidando que a complexidade e volume de competencias asumidos nos últimos anos polas Corporacións Locais fai imprescindible manter unha especial adicación por parte dos cargos electos, nuns casos plena e constante, e noutros, aínda sen dedicación exclusiva, sí cunha especial intensidade que os obriga a compaxinar a súa actividade laboral co desenvolvemento do seu cargo.*

Esto implica a necesidade de establecer os cargos para os que o exercicio do posto requira adicación exclusiva e os que precisan de ser desenvolvidos, canto menos, cunha adicación parcial, así como as características e retribucións de ambos supostos.

Neste caso, a regulación, características e retribucións dos mesmos irán acompañados da determinación do seu réxime de adicación mínima.

Visto o disposto polo artigo 75.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril que establece que os membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con adicación exclusiva, en cuio caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cuotas empresariais que correspondan.

Visto o disposto polo artigo 75.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril que establece que os membros das Corporacións Locais que desempeñen os seus cargos con adicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións ou desenvolver responsabilidades que así o requiran en cuio caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cuotas empresariais que correspondan.

Visto que segundo o disposto no mesmo artigo as Corporacións locais consignarán nos seus orzamentos as retribucións, indemnizacións e asistencias, dentro dos límites que con carácter xeral se establezan e deberán publicarse íntegramente no “Boletín Oficial da Provincia” e



fixarse no taboleiro de anuncios da Corporación os acordos plenarios referentes a retribucións dos cargos con adicación exclusiva e réxime de adicación destes últimos e polo que propoño ao Pleno a adopción do seguinte, ACORDO:

1. Aprobar a adicación exclusiva de D^a Fátima Abal Roma, alcaldesa do Concello, fixándose en atención á súa responsabilidade, unhas retribucións brutas anuais de 42.400 €, que se dividirán en catorce pagas, das que doce o serán con devengo mensual e dúas devengarase nos meses de xuño e decembro.
2. Aprobar a adicación parcial de D. Samuel Lago Ozón, concelleiro delegado de Obras e Servizos, fixándose en atención á súa responsabilidade e proporcionalmente á adicación proposta (equivalente a 25 horas semanais) unhas retribucións brutas anuais de 23.850 € que se dividirán en catorce pagas, das que doce o serán con devengo mensual e dúas devengarase nos meses de xuño e decembro.
3. Aprobar a adicación parcial de D. Xurxo Charlín Trigo, concelleiro delegado de Economía, Facenda, Industria e Urbanismo, fixándose en atención á súa responsabilidade e proporcionalmente á adicación proposta (equivalente a 25 horas semanais), unhas retribucións brutas anuais de 23.850 €, que se dividirán en catorce pagas, das que doce o serán con devengo mensual e dúas devengarase nos meses de xuño e decembro.
4. Aprobar a adicación parcial de D^a M^a Cruz Leiro Peña, concelleira delegada de Turismo e Enoturismo, fixándose en atención á súa responsabilidade e proporcionalmente á adicación proposta (equivalente a 25 horas semanais), unhas retribucións brutas anuais de 23.850 €, que se dividirán en catorce pagas, das que doce o serán con devengo mensual e dúas devengarase nos meses de xuño e decembro.
5. Aprobar a adicación parcial de D^a Carolina Aragunde Laya, concelleira delegada de Comercio, Promoción Económica, Infancia e Novas Tecnoloxías, fixándose en atención á súa responsabilidade e proporcionalmente á adicación proposta (equivalente a 25 horas semanais) unhas retribucións brutas anuais de 23.850 €, que se dividirán en catorce pagas, das que doce o serán con devengo mensual e dúas devengarase nos meses de xuño e decembro.
6. Que a determinación dos membros da Corporación que desenvolverán os seus cargos con adicación exclusiva e parcial surtirá efectos económicos a partir do día seguinte a adopción do presente acordo polo Pleno Municipal.
7. Que se proceda á publicación do acordo adoptado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboeiro de Anuncios da Corporación."

O Sr. Abal Varela (PODE) di que se presenta unha proposta con cinco adicacións (1 exclusiva e catro parciais).

Afirma que o Sr. Cordal Rodríguez na campaña electoral definiu ao seu grupo como de servizo para Cambados, sen pedir nada a cambio, nen salario nen cargo e agora se presentan todas estas adicacións ás que se suma o cargo de Constantino Cordal como 1^o Tenente de Alcalde

A proposta, apunta, constitúe unha tomadura de pelo e por iso adianta o voto en contra do seu grupo.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) di que consultaron coa Secretaría nas últimas datas a posibilidade de que se puideran votar os puntos da orde do día por separado.

Di que o seu grupo non ten inconvinte en apoiar a adicación da alcaldía pero que en democracia todo é negociable, aquí non se negociou nada, e hai un goberno que se atopa minoría.

Afirma que o grupo de Somos Cambados ten que pagar agora co seu populismo barato e por eses motivos votarán en contra da proposta que se presenta.

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) di que co cuatripartito existían tres



adicacións exclusivas que agora pasan a unha o que amosa a incoherencia dalgúns.

Pide a oposición que deixen traballar ao goberno en prol dos veciños e veciñas de Cambados.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) di que ao non celebrarse Comisións Informativas non foi posible negociar as propostas que se traen ao Pleno.

Cando o PP gobernaba Cambados, con 11 concelleiros, existía unha única adicación exclusiva e unha parcial. Afirma que agora cun goberno de 7 concelleiros estarían dispostos a apoiar unha única adicación para alcaldesa.

Como consecuencia do anterior, adianta o voto en contra do seu grupo municipal.

A Sra. Alcaldesa (PsdeG-PSOE) rebate a posición do PP afirmando que baixo o seu goberno existían tres postos eventuais de confianza no goberno.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) di que o persoal de confianza eran dous membros. Afirma que neste goberno tamén hai persoal de confianza como é a Xefatura da Policía Local.

A Sra. Alcaldesa (PsdeG-PSOE) rebate a condición de persoal de confianza da Xefatura da Policía Local.

Rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación, acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (PsdeG-PSOE e SOMOS)

Abstencións: ningunha

Votos en contra: 10 (PP, BNG e PODE)

O Pleno da Corporación, por maioría, acorda rexeitar a proposta da Alcaldía de adicacións de cargos electos.

6.- Proposta de asistencias aos órganos colexiados da Corporación

Dáse conta da proposta da Alcaldía, asinada con data 04/07/2019, e que é do seguinte tenor literal: "PROPOSTA DA ALCALDÍA.- Visto o disposto polo artigo 75 da Lei 7/1985 de 2 de abril que establece que as Corporacións Locais consignarán nos seus orzamentos as indemnizacións e asistencias aos órganos colexiados da Corporación Municipal.

Visto que segundo o disposto no mesmo artigo deberán publicarse íntegramente no "Boletín Oficial da Provincia" e fixarse no taboleiro de anuncios da Corporación os acordos plenarios referentes ás indemnizacións e asistencias e polo que se propón a adopción do seguinte, ACORDO:

1. Aprobar as asignacións dos membros dos órganos colexiados da Corporación Municipal do Concello de Cambados que non teñan adicación exclusiva nen parcial:

1.1. Plenos: 100 €

1.2. Xunta de Goberno Local: 80 €

1.3. Comisións Informativas: 60 €

2. Compromiso de consignar no orzamento anual as aplicacións orzamentarias



correspondentes para financiar o gasto proposto.

3. Ordenar a publicación da presente Resolución no Taboleiro de Edictos do Concello e no Boletín Oficial de Pontevedra.”

Rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación, acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 15 votos (PsdeG-PSOE e SOMOS, PP e PODE)

Abstencións: 2 (BNG)

Votos en contra: ningún.

O Pleno da Corporación, por maioría, e consonte coa referida proposta, ACORDA:

1. Aprobar as asignacións dos membros dos órganos colexiados da Corporación Municipal do Concello de Cambados que non teñan adicación exclusiva nen parcial:

1.1. Plenos: 100 €

1.2. Xunta de Goberno Local: 80 €

1.3. Comisións Informativas: 60 €

2. Compromiso de consignar no orzamento anual as aplicacións orzamentarias correspondentes para financiar o gasto proposto.

3. Ordenar a publicación da presente Resolución no Taboleiro de Edictos do Concello e no Boletín Oficial de Pontevedra.

7.- Proposta de asignacións aos grupos políticos municipais

Dáse conta da proposta da Alcaldía, asinada con data 05/07/2019, e que é do seguinte tenor literal: “*PROPOSTA DA ALCALDÍA.- Visto o disposto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, que establece que o Pleno da Corporación, con cargo aos orzamentos anuais da mesma, poderá asignar aos grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun compoñente fixo, idéntico para todos os grupos e outro variable, en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que, no seu caso, se establezan con carácter xeral nas Lei de orzamentos xerais do Estado e p olo que se propón a adopción do seguinte ACORDO:*

Determinar as seguintes dotacións económicas aos grupos municipais do Concello de Cambados:

Compoñente fixo (por grupo político municipal): 600€/mes.

Compoñente variable (por cada un dos concelleiros integrantes do grupo político municipal): 25€/mes.

Condicións:

- As cantidades serán pagadeiras á finalización de cada exercicio económico.
- Establecéndose, así mesmo, que as devanditas cantidades non poderán destinarse ao pago de remuneracións do persoal de calquera tipo ó servizo da Corporación nin a adquisición de bens que poidan constituir activos fixos de carácter patrimonial.
- As dotacións económicas asignadas aboaránse ao portavoz de cada grupo político municipal que deberá levar unha contabilidade específica da dotación, que terá a disposición do Pleno da Corporación no caso de que lla requira, adoptándose as medidas procedentes para a suplementación dos créditos orzamentarios se as dotacións existentes resultaran insuficientes e consignándose anualmente cantidade suficiente para facer fronte as obrigas económicas



derivadas do cumprimento do acordo adoptado.”

Rematadas as intervencións, sometese o asunto a votación, acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 15 (PsdeG-PSOE e SOMOS, PP e PODE)

Abstencións: 2 (BNG)

Votos en contra: ningún.

O Pleno da Corporación, por maioría e consonte coa referida proposta, ACORDA:

Determinar as seguintes dotacións económicas aos grupos municipais do Concello de Cambados:

* Compoñente fixo (por grupo político municipal): 600€/mes.

* Compoñente variable (por cada un dos concelleiros integrantes do grupo político municipal): 25€/mes.

* Condições:

- As cantidades serán pagadeiras á finalización de cada exercicio económico.
- Establecéndose, así mesmo, que as devanditas cantidades non poderán destinarse ao pago de remuneracións do persoal de calquera tipo ó servizo da Corporación nin a adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.
- As dotacións económicas asignadas aboaránse ao portavoz de cada grupo político municipal que deberá levar unha contabilidade específica da dotación, que terá a disposición do Pleno da Corporación no caso de que lla requira, adoptándose as medidas procedentes para a suplementación dos créditos orzamentarios se as dotacións existentes resultaran insuficientes e consignándose anualmente cantidade suficiente para facer fronte as obrigas económicas derivadas do cumprimento do acordo adoptado.

8.- Nomeamento de representantes da Corporación na Mancomunidade do Salnés

O Sr. Secretario da conta da necesidade de proceder a designar aos representantes do Concello de Cambados na Mancomunidade de O Salnés.

Da lectura aos Estatutos da Mancomunidade publicados no Diario Oficial de Galicia

O Sr. Secretario di que o sistema de votación será a ordinaria de acordo co disposto na lexislación de réxime local e procede a preguntar que concelleiros presentan a súa candidatura para representar ao Concello de Cambados na Xunta da Mancomunidade.

O Sr. Aragunde Aragunde manifesta a súa vontade de presentar a súa candidatura para representar ao Concello de Cambados na Xunta da Mancomunidade.

O Sr. Cordal Rodríguez manifesta a súa vontade de presentar a súa candidatura para representar ao Concello de Cambados na Xunta da Mancomunidade.

O Sr. Caamaño Rivas manifesta a súa vontade de presentar a súa candidatura para representar ao Concello de Cambados na Xunta da Mancomunidade.

O Sr. Abal Varela manifesta a súa vontade de presentar a súa candidatura para representar ao Concello de Cambados na Xunta da Mancomunidade.



Sometido a votación o resultado é o seguinte:

Constantino Cordal Rodríguez: 7 votos

Luís Aragunde Aragunde: 7 votos

Victor Manuel Caamaño Rivas: 2 votos

José Ramón Abal Varela: 1 voto

O Sr. Secretario di que, de acordo cos Estatutos da Mancomunidade de O Salnés os representantes do Concello na Xunta da Mancomunidade son os seguintes:

Fátima Abal Roma (Alcaldesa)

Constantino Cordal Rodríguez

Luís Aragunde Aragunde.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

9.- Dación en conta da constitución dos grupos políticos municipais

Dáse conta dos seguintes escritos de constitución de grupos políticos municipais:

Rexistro/Data	Grupo Político Municipal	Portavoz
2019-E-RC-3395 - 17/06/2018	G.M. Socialista	Fátima Abal Roma <u>Suplentes:</u> Samuel Lago Ozón María Cruz Leiro Peña
2019-E-RC-3404 – 19/06/2019	G.M. Somos Cambados – Mareas Locais	Constantino Cordal Rodríguez <u>Suplentes:</u> Xurxo Charlín Trigo Carolina Aragunde Laya
2019-E-RC-3454 – 18/06/2019	G.M. de Cambados Pode	José Ramón Abal Varela
2019-E-RC-3449 – 19/06/2019	G.M. do Bloque nacionalista Galego	Victor Caamaño Rivas <u>Suplente:</u> Mariel Oubiña Vázquez
2019-E-RC-3462 – 20/06/2019	G.M. Partido Popular	Luís Aragunde Aragunde <u>Suplentes:</u> María Isabel Fole Trigo Silvia Fernández Pérez

O Pleno da Corporación, por unanimidade, toma coñecemento da constitución dos referidos grupos políticos municipais.

10.- Determinación do número de membros da Xunta de Goberno Local

Dáse conta do Decreto número: 2019-0772, de data 09/07/2019, que é do seguinte tenor literal:

“Resolución da Alcaldía.- Determinación do número de membros da Xunta de Goberno



Local

Mediante Resolución da Alcaldía designáronse membros da Xunta de Goberno Local e Tenentes de Alcalde (a Alcaldesa que a preside e os catro concelleiros designados)

O artigo 52.1 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro establece que a Comisión de Goberno intégrase polo Alcalde, que a preside, e os Concelleiros nomeados libremente por el como membros da mesma.

O artigo 52.2 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro determina que o número de Concelleiros aos que o Alcalde pode nomear membros da Xunta de Goberno Local, non poderá ser superior ao tercio do número legal de membros da Corporación. Aos efectos do cómputo non se terán en conta os decimais que resulten de dividir por tres o número total de concelleiros.

Tendo en conta o anterior a Xunta de Goberno Local do Concello de Cambados pode estar integrada pola Alcaldesa, que a preside, e cinco concelleiros/as

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.2 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases do réxime local; os artigos 61.2 e 62.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia e 46.1 e 52 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

RESOLVO:

Determinar que a composición da Xunta de Goberno Local de Cambados se conforme pola Alcaldesa, que a preside, e cinco concelleiros/as.

Condicións:

A vacante existente na actualidade na Xunta de Goberno cubrirase mediante resolución da Alcaldesa da que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose persoalmente ao/á designado/a e publicándose no Boletín Oficial da provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte á súa sinatura.”

O Pleno da Corporación, por unanimidade, toma coñecemento da determinación do número de membros da Xunta de Goberno Local.

11.- Dación en conta da Resolución da Alcaldía sobre composición da Xunta de Goberno Local e nomeamento de Tenentes de Alcalde

Dáse conta do Decreto número: 2019-0760, de data 08/07/2019, que é do seguinte tenor literal: “**Resolución da Alcaldía.- Nomeamento de Tenentes de Alcalde e membros da Xunta de Goberno Local**

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.2 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases do réxime local; os artigos 61.2 e 62.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia e 46.1 e 52 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RESOLVO:

1. Nomear membros da Xunta de Goberno deste Concello aos seguintes concelleiros/as:

D. Constantino Cordal Rodríguez

D. Samuel Lago Ozón

D. Xurxo Charlín Trigo

D^a M^a Cruz Leiro Peña

2. As sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local celebraranse con periodicidade semanal os mércores ás 13:30 horas.

3. Nomear tenentes de alcalde pola seguinte orde e coas funcións que a este cargo atribúen os



artigos 23.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia e 47 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro a:

Primeiro Tenente de Alcalde: D. Constantino Cordal Rodríguez

Segundo: Tenente de Alcalde: D. Samuel Lago Ozón

Terceiro: Tenente de Alcalde: D. Xurxo Charlín Trigo

Cuarto: Tenente de Alcalde: D^a M^a Cruz Leiro Peña

4. En base ás atribucións que me confiren os artigos 21.3 e 23.2.b) da Lei 7/1985 do 2 de abril; 11, 44 e 53.2 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias:

4.1. O outorgamento de licenzas urbanísticas e a toma de coñecemento de comunicacións previas e declaración responsables.

4.2. As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

4.3. A aprobación da oferta de emprego público.

4.4. A aprobación de Bases de selección de funcionarios de carreira e de persoal laboral fixo.

4.5. Nos expedientes de subvencións, a adopción das de actos de trámite cualificados, de resolución e da súa concesión.

4.6. A aprobación dos expedientes de contratación en procedementos abertos non simplificados e as adjudicacións de concesións sobre bens municipais da competencia da Alcaldía.

4.7. A resolución de expedientes de responsabilidade patrimonial da Administración Pública.

As ditas facultades delegadas exerceranse sen prexuízo das facultades de avocación recoñecidas pola alcaldía pola lexislación vixente.

De acordo co artigo 115.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro delégase, igualmente, a resolución dos recursos de reposición que se dicten por parte do órgano delegado.

5. Do presente decreto darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre, publicarase no Boletín Oficial da provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte á súa sinatura."

O Pleno da Corporación, por unanimidade, toma coñecemento da composición da Xunta de Goberno Local e nomeamento de Tenentes de Alcalde.

12.- Dación en conta da resolución da alcaldía sobre delegacións de atribucións da alcaldía e nomeamento de Concelleiros/as Delegados/as

Dáse conta do Decreto número: 2019-0762, de data 08/07/2019, que é do seguinte tenor literal: "**Resolución da Presidencia.- Delegación de atribucións da Alcaldía e nomeamento de Concelleiros/as Delegados/as.**

Vista a celebración das eleccións municipais o día 26 de maio de 2019, e habéndose procedido o día 15 de xuño á constitución da nova Corporación Local, en uso das miñas atribucións, e ao amparo dos artigos 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e dos artigos 114 a 121 e 43 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, **RESOLVO:**



1. Realizar as seguintes delegacións en favor dos concelleiros/as que se relacionan a continuación:

Delegacións Xenéricas:

1. Servizos Sociais, Terceira Idade, Seguridade Cidadá e Mobilidade: D. Constantino Cordal Rodríguez.

2. Obras e Servizos: D. Samuel Lago Ozón.

3. Economía, Facenda, Industria e Urbanismo: D. Xurxo Charlín Trigo.

4. Turismo e Enoturismo: D^a M^a Cruz Leiro Peña.

Ámbito e alcance das delegacións xenéricas:

Comprende o exercicio das facultades xenéricas de dirección e xestión, así como a de ditar actos de trámite e resolutorios que afecten a terceiros co exercicio das competencias propias da Alcaldía da súa área e que non se atopen delegadas na Xunta de Goberno Local.

Expresamente:

1. O fomento de actividades e políticas dentro do ámbito da súa área, dentro dos límites fixados nas bases de execución do Presuposto.

2. O impulso e tramitación de Convenios de Colaboración con outras Administracións Públicas dentro do ámbito da súa área, reservándose a Alcaldía a súa formalización.

3. A incoación e tramitación dos expedientes de solicitude de subvencións ante outras Administracións Públicas, ou facendo a oportuna proposta para elevar ao Pleno no caso de que éste sexa o órgano competente.

4. A responsabilidade da xustificación, así mesmo, das subvencións ou axudas concedidas dentro do seu ámbito de actuación.

5. Propoñer actuacións ao órgano de contratación competente, nas materias relacionadas coa súa área.

6. A iniciación e resolución dos procedementos de reposición da legalidade e sancionadores no ámbito das súas respectivas áreas.

7. A presentación de alegacións e recursos nos expedientes sancionadores incoados contra o Concello na súa área.

8. Sinatura dos actos de trámite, propostas de resolución, comunicacións, decretos de arquivo e resolucións en xeral no ámbito das materias delegadas.

9. Solicitar os informes precisos para o correcto desenvolvemento das súas funcións do persoal ao servizo do Concello adscrito a súa área ou Departamento. Noutro caso deberá de contar coa autorización da Alcaldía.

10. Prestar a súa conformidade ás certificacións, subministracións, servizos e facturas emitidas ao Concello dentro do ámbito da súa área.

11. Supervisar a execución das obras e os servizos que se executen ou estean a executar no ámbito da súa área, de acordo cos técnicos directores ou responsables dos contratos, elevando as oportunas propostas ao órgano de contratación.

De acordo co artigo 115.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro delégase, igualmente, a resolución dos recursos de reposición que se dicten por parte do órgano



delegado.

Todas as delegacións comprenderán as facultades de informar previamente á adopción dun acordo respecto dos servizos delegados, a de dirixir os servizos correspondentes así como a de xestionalos en xeral.

Delegacións Especiais:

Comprende o fomento de actividades e políticas dentro do ámbito da súa área sen a posibilidade de ditar actos de trámite e resolutorios que afecten a terceiros.

Comercio, Promoción Económica, Infancia e Novas Tecnoloxías: D^a Carolina Aragunde Laya.

Xuventude: D. David Mesías Fernández.

A Alcaldía resérvase o exercizo das competencias que non se delegan.

De acordo co artigo 115 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro a Alcaldía conservará as seguintes facultades en relación coa competencia delegada,

a) A de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos ou disposicións emanados en virtude da delegación.

b) A de ser informado previamente á adopción de decisións de transcendencia.

A Alcaldesa, en calquera momento, poderá asumir as atribucións delegadas por esta resolución, sen prexuízo de poder avogar en calquera momento as competencias delegadas con arranxo á lexislación vixente sobre procedemento administrativo común.

Os/as concelleiros/as mencionados/as neste Decreto non poderán delegar nun terceiro as atribucións que lle conferiu a Alcaldía.

3. Notificar este decreto aos interesados/as, facéndolles saber que a delegación se entenderá aceptada tácitamente se no termo de tres días hábiles contados desde a súa notificación, non fan manifestación expresa ante o órgano delegante, da súa non aceptación."

O Pleno da Corporación, por unanimidade, toma coñecemento da delegación de atribucións da Alcaldía e nomeamento de Concelleiros/as Delegados/as.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non se formularon rogos nin preguntas.-

Non hai asuntos

E non tendo máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, na data e hora indicada no encabezamento, de todo o que eu como secretario, dou fe extendendo a presente acta, a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, segundo o disposto no artigo 206 do R.O.F.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

